
XOSÉ LUÍS AXEITOS AGRELO

Breve currículo

Xosé Luís Axeitos Agrelo, nado en Asados (Rianxo) en 1945.

Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela e licenciouse en Filoloxía Románica na Universidade de Salamanca onde foi alumno do profesor Xosé Luís Pensado, mestre da filoloxía galega a quen debe o seu achegamento ao século XVIII.

Xubilouse como catedrático de Lingua e Literatura Castelá no IES Rafael Dieste da Coruña, cidade na que reside e onde exerceu a súa profesión desde 1989. Tamén foi profesor-titor da UNED na súa sede da Coruña.

No campo da literatura dedica especial atención a Dieste, Luís Seoane e Manuel Antonio, aos que estudou e editou. Tense preocupado tamén polo mundo da edición en Galicia. Ingresou na Real Academia Galega o 30 de outubro de 2004, sendo Arquivoiro-Bibliotecario dela desde o 17 de decembro de 2005 ata o 18 de decembro de 2009

Foi conferenciante, participou como relator en congresos sobre o exilio e sobre distintos escritores galegos. Organizou os congresos de Luís Seoane e Rafael Dieste. Colaborou en exposicións relacionadas co libro galego na Arxentina e coas biografías de Rafael Dieste e Castelao.

Forma parte do consello editorial da *Biblioteca del Exilio* e do consello de redacción das revistas *Citania*, *Cuadrante*, *Unión Libre*. Ten publicado artigos en *Boletín Galego de Literatura*, *Ínsula*, *Verba*, *A Trabe de Ouro*, *Grial*, *Zurgai* e *Serta*.

Algunhas obras e premios

- *As coplas galegas do P. Sarmiento*, 1982, Edicións do Castro.
- *Antoloxía da poesía galega erótica e amatoria*, 1988, Edicións do Castro, editor.
- *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia...*, de Xosé Cornide, 1991, Edicións do Castro.
- *Manuel Antonio. Poesía galega completa*, 1992, Sotelo Blanco.
- *A poética de Manuel Antonio*, 1993, Edicións do Cumio.
- *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste, 1994, IGAEM.
- *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina*, 1994, Edicións do Castro.
- *Rafael Dieste. Obra galega completa I e II*, 1995, Galaxia.
- *Rafael Dieste. Ollar o mundo con sede adiviñadora*, 1995, Espiral Maior.
- *Rafael Dieste, Obras Completas V. Epistolario*, 1995.
- *El barbero municipal*, 2000, Edicións do Castro, edición facsimilar.
- *Manuel Antonio. A Nosa Memoria*, 2000.
- *exilio galego: mapa de cicatrices*, 2003, Edicións do Castro.
- *A Academia no discurso exílico de Luís Seoane*, 2004, Real Academia Galega, con resposta de Xesús Alonso Montero.
- *Catro poemas galegos: (unha homenaxe a Galicia)*, de Lorenzo Varela, 2004, Edicións do Castro.
- *Algunhas reflexións sobre o exilio e Lorenzo Varela*, 2005, Edicións do Castro.
- *Manuel Antonio. Obra completa I. Prosa*, 2012, Real Academia Galega/Fundación Barrié.

VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio e as mulleres antifranquistas represaliadas”

Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)

20, 21 e 22 de maio de 2016

- *Luís Seoane: Unha fotobiografía 1910-1979*, 1994, Xerais.
- *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina: 1937-1978*, 1994, Deputación da Coruña, con Xavier Seoane.
- *A cultura e a creatividade galegas de cara ao ano 2000*, 1995, Asociación Cultural *Escola e Sociedade*.
- *Rafael Dieste (1899-1981): unha fotobiografía*, 1995, Xerais.
- *E. Fernández Sendón "Fersen". Memoria e antoloxía dun republicano galego* (en colaboración con Uxío Bobillo), 1996.
- *Sesenta anos despois: os escritores do exilio republicano: actas do Congreso Internacional celebrado na Universidade de Santiago de Compostela, 16, 17 e 18 marzo de 1999*, con Charo Portela Yáñez, 1999, Edicións do Castro.
- *Manuel Murguía. Vida e obra* (en colaboración con Xosé Ramón Barreiro), 2000.
- *Cartas a Murguía I e II* (en colaboración con Xosé Ramón Barreiro), 2003, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- *Lorenzo Varela. Fotobiografía*, 2005, Xerais.
- *Manuel Lugo Freire, o compromiso*, 2006, La Voz de Galicia, con Xosé Ramón Barreiro.
- *Os símbolos de Galicia*, 2007, Consello da Cultura Galega e Real Academia Galega.
- *A patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, 2008, Universidade de Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega e Real Academia Galega. Edición con Emilio Grandío Seoane e Ramón Villares.
- *Marcos Valcárcel. O valor da xenerosidade*, 2009, Difusora.
- *Diccionario Seoane*, 2010, Fundación Luís Seoane.
- *Unha cesta de pombas e mazás. Homenaxe a Isaac Díaz Pardo*, 2013, Academia Real Isaac Díaz Pardo.
- *No tempo de Follas novas. Unha viaxe pola literatura universal*, 2015, Alvarellos.
- *Lorenzo Varela. Poesía Completa*, 2000, Edicións do Castro.
- *Lorenzo Varela. Ensayos, conferencias y otros escritos*, 2001, Edicións do Castro.
- *Cartas del Padre Sobreira a Gómez de Ortega y Cornide*, en colaboración con José Luis Pensado), 1983, Edicións do Castro.
- *Epistolario*, de Carmen Muñoz Manzano, en colaboración con Charo Portela Yáñez, 2005, Edicións do Castro.
- Premio *Sereo* de Cultura Galega da Asociación Cultural Barbantia no 2009.